

O TARDO

(Notas de mitoloxia popular galega)

POR

XAQUIN LORENZO FERNANDEZ

A concencia do home primitivo, poboada de mil seres, benéficos úns e maléficos outros, fluctuaba nun ambiente de eternas preocupacións pra fuxir dos ruins e atraguerse a protección dos bós.

Fose a orixe de istes seres humán ou divina, fosen Deuses ou Mortos, o home estaba á sua mercede e somentes a forza de sacrificios podía evitar as suas vinganzas.

Aquiles Deuses e aquiles Mortos eran temidos e o temor presidia o seu culto. Cencais se lle misturase algo de gratitud, mais non había n'il amor.

Pasou o tempo e morreron moitos de aquiles anteriores Deuses; xa se non fán sacrificios pra aplacar as suas iras. O culto ao Morto-Deus, ao Lar, pasou a ser un formulismo sen importancia, refrexado na nova relixión.

Mais todo non morreu; a alma esencialmente pagán dos nosos campesiños non podia prescindir en absoluto de todas aquelas forzas misteriosas e, pese aos esforzos do cristianismo, conserva ainda moitas formas da vella relixión.

Ainda son moitos os espíritos que viven no noso campo e que exercen a sua influencia n'il, anque a sua importancia foise perdendo.

Antre aquiles seres de poder ilimitado, había outros cuias

accións non acadaban ao domiño do absoluto, senon que se viam reducidos a un curto campo de acción. Algunxs de istes seres podian faguer ben ou mal, coma as fadas, as bruxas, os nubeiros, etc.

Outros eran compretamente inofensivos, como ocorre co-tardo, obxeto de estas notas.

Os datos de que nos valemos foron recollidos por nós da tradición oral na terra de Lobeira, ao sul da provincia de Ourense e na fronteira con Portugal.

Nalgúns rexións da Galiza, entre elas en Lobeira, conservase nidiamente a tradición de iste persoaxe misturada n-outros-sítios co trasno e coa pantasma.

Non é difícil albiscar a sua primitiva natureza por antre as infiernas que sofríu e que o fan aparecer hoxe antre os nosos campesiños c-un carácter un pouco híbrido.

É hoxe, e foi probablemente sempre, o diaño burlón.

Pousase pol-a noite no peito da xente que durme, producindolle unha opresión; finxe pasadas na noite atrás dos camiñantes, pra lles pór medo; parte o eixe do carro cando se está lonxe da casa; desfai os feixes que a xente leva ás costas; perde as almalhas no monte pra que o dono de elas ande toda a noite na sua precura...

Agora ben; como é o tardo?

Eu non-o vin, mais coñezo a un vello que tivo a fertuna de velo e que me contou como era.

O tardo é pequenijo; non ergue do chan arriba de tres coartas. O seu modo de andar non é coma o da xente, senón que anda aos pinchos e ten unha maravillosa axilidade. Vai cuberto c-un traxe vello, tén barbas e, coma nota característica, vai cuberto c-un gorreiño bermello.

Iste é o tardo, por decilo así, ao natural, pois tamén pode transformarse n-un ser calquera do reino animal.

O tardo tenlle medo á luz; somentes sai fora da terra cando o sol fuxiu detrás do horizonte pra tornar a ela en canto amanece. Cecais a esta sua condición aluda o nome de tardo que se lle dá.

Pol-o demais é un ser inofensivo; compracese en lle xogar á xente bromas mais ou menos pesadas, anque sin gran trascendencia.

Ademais, o tardo é cobarde: en canto ve que lle poden faguer mal, foxe coma unha centella; cando se atopa n-un apuro, homildase e suprica pra que o axuden. Coma pequeno que é, ten mal xenio e enrabexase pol-a mais pequena cousa.

A sua mentalidade é estremadamente reducida; de esto aproveitase os campesiños pra se ceibaren de il.

Todos istes detalles doumos a min quen-o viu, quen sofríu as suas bromas e quen se ceibou de il por algúns dos procedimentos que se empregan pra esconxuralo.

Imos agora ver algunas das fazañas do tardo e o remedio que en cada unha se lle puxo, cando iste remedio tiña lugar.

N-unha ocasión viña un home do muiño; era xa tarde e o home ia canso, desexando chegar a sua casa e deitarse. Á volta de unha carballeira viu, coa natural alegria, que por alí andaba a pacer unha besta; o home foise chegando a modiño a ela deixa lle botar a man por riba, montou de un brinco, arreouelle cos talóns e a besta arrancou á carreira. Así estiveron a correr durante moito tempo, mais non daban chegado á casa, anque o camiño era o derecho, según podía comprobar o home. Seguiron correndo hastra que o cabalo cansou; entón, pegou un brinco, chimpou ao home no chan e desapareceu. Ergueuse o home e atopouse a unha enorme distancia da sua casa e, se quixo, colleu o camiño e chegou a meiodía onda a sua xente, despois de pasar toda a mañán andando. Aquela besta era o tardo, que o quixera embromar.

Un veciño de certo pobo observaba que un cabalo que tiña na corte, aparecialle todal-as mañáns suado e coas serdas do rabo trenzadas de tres en tres. O home logo se deu conta da cousa: aquello era obra do tardo. E propuxose espantalo.

Descravou unha taboa do piso que caia por riba da corte do cabalo e, cando chegou a noite, píxose a espreitar á beira de ela. Levaba xa ali un bó anaco, cando sentiu rebulir na corte; ergueu a taboa e ollou: o cabalo estaba quedo, mais atrás de il atopabase o tardo trenzandolle os pelos do rabo: cando rematou esta importante operación, montou dacabalo e comezou de trotar darredor da corte. N-unha de estas carreiras acertou a pasar por baixo do sitio en que estaba o home, quen, aproveitando a ocasión, meteu o brazo pol-o burato e agarroulle o gorretiño ao tardo. En canto iste sentiu que llo quitaban, comezou a se laiar, pedindolle ao home que llo devolvera, que se non voltaria a meter coil; o home deullo e o tardo desapareceu a todo correr.

Velaquí, pois, un procedimento pra se ceivar de il: quitarlle o gorrete. En efecto; o tardo non se pode marchar sen levar o seu capuchón e ao mesmo tempo ten que se ir denantes que naza o dia, por eso non volta ao sitio en que llo pillaron unha vez.

Mais hai tamén outros procedimentos pra que o tardo se vaia e non moleste mais.

Como queda dito, ten unha cativa intelixencia; non sabe contar mais que deica trés (n-outros sitios deica dez) e ten a manía de contar todo o que atopa; a xente sabe aproveitar ben isto.

Había unha muller que todal-as noites sentia por riba do peito un peso que a abafaba. Ela non sabía de que podería ser, mais unha veciña a quen llo contou, resolveulle a dúbida: era o tardo que viña pol-as noites a se sentar por riba de ela. Ao mesmo tempo deulle un remedio que a muller utilizou ao dia seguinte: deixou no seu coarto, por riba de unha mesa, unha

cunca chea de liñaza. Cando o tardo apareceu, caeu na tentación de contar as sementes, que o mesmo houberan podido ser de millo, de centeo, de fabas, ou de outra cousa calquera. Valeirou a cunca encol da mesa e comezou de contar:

— Unha, duas, tres; unha, duas, tres...

Pero como non sabe contar mais non podía sair de eiquí; estivo co-esta cantinela un bo anaco até que cansou e fuxiu deixando as sementes. E non voltou a molestar á muller

Outra vez entretiñase o tardo en ir faguer ruido no doble de unha casa, non deixando dormir aos que vivian n-ela. Mais eiquí sabían con quen trataban e logo puxeron remedio: encheron un caneco de auga e puxeron por riba do teito, por onde andaba o tardo. Cando iste apareceu pol-a noite, chamoulle a atención o caneco e píxose a miralo e a lle dár voltas; n-unha de estas, a auga derramouse. Cando aquello viu o tardo quixo volver a recoller a auga, pois a il gostalle deixar as cousas do mesmo xeito que as atopa. Andivo todo abraiado a apañar coas mans, mais cando viu que non conseguía collela, botou a correr e non apareceu mais por aquil doble.

Outra maneira de conseguir que fuxa consiste en deixarlle un sarillo dos que se empregan pro liño; o tardo ponselle dar voltas até que cansa i-entón vaise.

Gosta tamén de ir aos muiños pra se rir dos que alí concorren pol-a noite.

Unha vez foron ao muiño tres mozas. Á porta atoparon un niniño chorando de frio; colleronlo, metérono dentro, tapárono ben e sentaronse á sua beira. O neno calou e estivo quedo, mais en canto queceu pillou a correr e saiu pol-a porta afora, naméntras berraba:

— Ujujú
que as nenas do muiño
quentaronme o cú...!

Era o tardo, que as quixera embromar.

Outra vez un home foi ao muiño n-un burro pra levar un saco de millo. Cando voltou, viña dacabalo, mais o aparello afroxou e deu a volta; o home quedou por baixo do burro, cos pés cara arriba, mais sen cair ao chan. Así veu deica a sua casa sen se decatar da postura que traguia ate chegar onda a sua familia, con moita risa dos que o vian pasar.

Así pois, o tardo é conpretamente inofensivo e as suas bromas carecen de trascendencia.

Todas estas suas condicións fan que teña un carácter persoal, a pesares do coal non está perfectamente diferenciado en toda a Galiza. É moi corrente confundilo con outros seres mitolóxicos, especialmente co trasno, deica o estremo de lle chamar *trasnada* a unha fazaña semellante ás do tardo.

Mais a diferencia aparez ben crara si eisaminamos o seu aspecto e a sua maneira de ser.

En efecto; o tardo ten unha grande semellanza cos gnomos das lendas xermánicas. É coma istes un ser pequeno, co seu gorro bermello, as suas barbas e o intresante detalle de que o tardo, o mesmo que os gnomos, vive por baixo da terra.

É pois un xenio da terra, como o son os gnomos.

Ainda hoxe eisiste na Alemaña un ser idéntico ao tardo, chamado Alp ou Mahre, que se senta no peito da xente namentras esta dorme e que vai faguer ruido pol-as noites.

A orixe do tardo é tamén distinta da dos outros seres con que nes se lle confunde: tanto o trasno coma a fantasma teñen a sua orixe nos mortos. Son seres que pertescen ao mundo en que viven os mortos; denantes de ser trasnos ou fantasmas foron homes.

O tardo, non; sempre foi tardo; tardo nace e toda a sua vida o é.

Sin embargo, teñen algúns puntos de contacto, anque de pouca importancia e que cecais se debe a que a xente os con-

funde ás vegadas: N-algunhas sitios adoitase deixar no lume, pol-as noites, uns croios pra que os mortos se veñan a quentar n-iles.

Pois ben; o tardo fai o mesmo que os mortos; cando pol-a noite se deixan esquecidas as trébedes na lareira, o tardo ven a se sentar n-elas pra quecer.

Pol-o demais, diferenciasi ben dos outros seres que forman parte do mais alá nas concencias dos nosos campesiños.

Pra nós, o tardo ten a sua razón de eisistir nos pesadelos. Iste fixeron nacer un ser que se entretén en molestar á xente pol-a noite, sendo despois o que fai ruido no doble e o que ocasiona todas esas molestias que se non podian espricular de primeira intención.

Iste será o mais antergo aspecto do tardo. Despois, coas invasións xermánicas o tardo foi contamiñado con outras crèncias análogas que istes pobos traguian consigo, anque non todas fosem de orixin xermánico, senón adequiridas por iles no seu contacto con outros pobos. Dos xermanos debeu tomar o tardo o seu aspecto físico, idéntico ao dos gnomos.

O detalle do gorretino bermello atopámolo bastante difundido no seu aspecto de gorro máxico, como se pode ver, entre outros sitios, nas aventuras de Hassán Al-Bassri, narradas nas *Mil noites e unha noite*, conto, cecais, de orixe persa.

O tardo é, pois, unha das moitas herencias dos nosos antergos. Ao través do tempo e das distancias vemo-lo hoxe erguerse ante a nosa mitoloxía popular, adornado con algunas infiñanzas estranas, mais deixando ver o seu ser primitivo.

A confusión que n-algunhas sitios eisiste entre o tardo e os outros poboadores do mais alá, debese, seguramente, a estas infiñanzas.

A pesares de todo, é o tardo, cecais, o ser que aparez c-unha persoalidade mais crara e mais marcada no panorama da nosa mitoloxía popular.

*

* * *

Xa no prelo estas notiñas, tivemos ocasión de recoller en Lobreira unha interesante lenda en col da orixe do tardo.

Vela aíqui:

Cando Deus rematou de crear o mundo, foi-se prao ceo; unha vez dentro, chamou polos seus anxos pra que entrasen tamén. Os anxos viñeron e entraron, pechando-se as portas do ceo cando Deus dixo: *sursum corda*. Mais houbo un anxo que non correu tanto coma os outros e cando pecharon o ceo, ainda il non poidera entrar, tendo que se quedar no mundo en castigo da sua tardanza. Iste anxo é o *tardo*.

É, pois, un anxo que quedou fora do ceo e pol-o tanto un demo; mais o seu pecado non foi grave por eso il non é ruín, limitando o seu poder a se rír da xente.

Por eso é pecado o lle faguer mal, coma ceibarse de il por meios violentos ou baterlle. Somentes se pode esconxurar por procedimentos que non-o perxudiquem.

É un ser ao que se lle tén mais compasión que malquerenza.

Esta lenda ven a nos confirmar na nosa opinión de que a sua orixe é distinta da dos outros seres mitolóxicos cos que se confunde ás vagadas.

Lobreira, 1933.
